

En definitiva, se pode afirmar que *Viaxes e construción do pensamento. Viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936* refresca en nuestras mentes imáxenes construídas por palabras, a través de los libros de viajes, que son el contenedor de todas las experiencias de los viajeros gallegos que han dejado su tierra –ya sea por exilio, por peregrinaje o por estudios– y que han proyectado un imaginario de su tierra a partir de sentimientos socio-culturales, políticos e ideológicos. Conocer Galicia, a través de testimonios de intelectuales que han cruzado el mundo o de peregrinos que han recorrido su territorio a pie, es aquello a lo que nos invita esta obra, urgente para los aficionados a los libros de viajes.

Diego Alejandro GUILLÉN BOLAND

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Áurea / Iolanda GALANES SANTOS / Ana Luna ALONSO / Silvia MONTERO KÜPPER (2012): *Traducción de una cultura emergente. La literatura gallega contemporánea en el exterior*. Berna: Peter Lang (Serie Relaciones literarias en el Ámbito Hispánico, vol. 7), 257 pp.

Desde os tempos de Rosalía de Castro e o Rexurdimento da literatura galega, as nosas letras viaxaron e viaxan a múltiples recunchos do planeta. O problema é que pouco se sabe diso. Nin os galegos e galegas sabemos moito do que se exporta ao estranxeiro, nin saben alén das nosas fronteiras cales das obras que proceden de España o fan desde terras galaicas.

Esa foi a principal motivación que levou a catro profesoras da Universidade de Vigo a crear este libro. Aproveitan as súas páxinas para dar visibilidade ao feito de que os factores políticos que levan séculos oprimindo a lingua galega, a socorrida crise económica e mais diversos factores sociais que seguen a menosprezar as linguas minoritarias en España, provocan que a literatura galega se presente no estranxeiro como literatura española.

Traducción de una cultura emergente é unha especie de decálogo; son dez capítulos que buscan demostrar que con esforzo e vontade si se pode presentar a nosa cultura ao resto do mundo como “cultura galega”. Os dous primeiros capítulos ofrecen unha achega teórica, non só respecto ao eido da tradución, senón tamén sobre a

situación lingüística das comunidades bilingües e diglósicas, como é a galega. As profesoras Ana Luna e Áurea Fernández tratan o contraste entre as linguas minorizadas e as dominantes dentro do mercado literario e, ademais, preséntannos os diferentes axentes involucrados no proceso da tradución editorial, os diferentes criterios políticos, económicos e sociais que se seguen para decidir que se traduce e para que espazo receptor, ou as metodoloxías que se poden, e deben, empregar para conseguir que un sistema literario teña presenza no exterior con normalizade.

Quen non estea familiarizado co marco histórico da lingua galega atopará moi proveitoso o terceiro capítulo, no que Silvia Montero repasa a evolución da nosa literatura; unha evolución que se viu marcada polo recoñecemento da cooficialidade da lingua galega en 1981. De aí que as autoras desta obra centrasen o seu estudo nos anos que se sucederon despois.

Establecidas xa as bases teóricas, os obxectivos e a metodoloxía do estudo, Iolanda Galanes ensínanos esa ferramenta que as afoutou a publicar o libro. O *Catálogo da Tradución Galega* é unha base de datos que vencella obras orixinais coa súa tradución ou traducións. Así mesmo, esta creación do grupo de investigación BITRAGA (con sede virtual en <http://www.biotraducion.uvigo.es>) permite consultar que obras dunha mesma autoría se traduciron e a que linguas, quen o fixo e en que ano. É así como estas catro profesoras instrúen o lectorado con respecto á literatura galega traducida. Coa achega de datos cuantitativos rebaten a idea xeral de que se importa máis literatura foránea da que se exporta, cuestionan o poder da novela fronte á poesía galega e avogan por un “Si se pode” no tocante á externalización das nosas letras.

Seguindo a liña que marcan varios estudos cataláns sobre a súa literatura traducida e exportada, a obra que aquí nos atangue céntrase nalgúnhas das características máis singulares da produción literaria galega actual: a literatura infantil e xuvenil, a autotradución ao castelán e, como non, a literatura feminista (non podía ser doutra maneira nunha lingua cuxos alicerces estableceu unha muller). A primeira destas tres peculiaridades representa o exemplo máis claro de que a lingua galega non ten nada que envexar a ningunha outra das que coexisten na República Mundial das Letras. E tamén de que

cunhas políticas positivistas e denodadas é non só viable senón tamén rendible ofrecer ao mundo a nosa cultura escrita. Ana Luna preséntanos no sexto capítulo o infindo esforzo de varias editoriais galegas que xa levan tempo facéndoo posible grazas á súa participación en feiras internacionais e a varios convenios plurilingües. Ademais dos proxectos propios internos, algunhas destas editoriais traballan a prol do noso desde fóra, ao igual que fixeron moitos galegos e galegas na emigración.

Para axilizar ese traballo, propoñen un mediador, alguén que busque nichos de mercado e saiba que ofrecer e a quen; alguén que facilite a distribución e sirva de ponte. Unha ponte como a que se fabrican moitos autores e autoras galegos para si mesmos ao traduciren as súas propias obras cara ao castelán, na procura doutros posibles mediadores cara a mercados estranxeiros.

E diso, de mercados, ou espazos culturais receptores, fálase no penúltimo capítulo do libro: mercados próximos, os ibéricos, cos que levamos moito tempo comunicándonos, como o castelán, o catalán, o éuscaro e o portugués; mercados cuns soños similares aos nosos, aqueles de linguas minorizadas, que buscan en nós, e nós neles, unha identificación, un ideal común, un diálogo que nos enriqueza a ambos; e mercados afastados, descoñecidos ata o de agora, emerxentes en busca dun oco nos andeis. O árabe, o kurdo ou o sardo son exemplos de linguas coas que xa comezamos a falar e que deberían supoñer só un paso máis na escalada da literatura galega cara ao chanzo que merece. Por, e para, iso lembranos esta obra que cómpre bosquejar xa unhas liñas de actuación, unhas estratexias de planificación específicas que socorran a literatura galega fronte aos ataques dunha globalización que debería resultar proveitosa polo intercambio cultural que permite, e non demoleadora por unha imposición que non achega nada.

Servíndonos desta ferramenta de traballo e da extensa recompilación de datos que nos ofrece, podemos espallar as nosas letras en busca de lectores, igual que buscaba socios o xabarlil

máis famoso da televisión autonómica entre os máis cativos.

Esta monografía chega a nós nun momento clave, en plena crise económica mundial; un momento no que os sucesivos recortes que están a aplicar os gobernos só permitirán saír adiante a quen saiba maximizar recursos, subirse ao tren con decisión, aos aleutos e aleutas que sexan quen de aproveitar as ocasións. É preciso editar tamén obras similares referentes ao estado das literaturas traducidas como o éuscaro, ou sobre períodos concretos da literatura española actual para contármonos cunha gran fonte de datos que nos permita buscar, e despois encher con traducións, ocos de mercado dentro do eido literario, e fomentar, así, o diálogo entre linguas e culturas. Quen sabe? Ao mellor algún día á galega deixa de chamárselle “emerxente”.

Marta IRAVEDRA

MARIÑO PAZ, Ramón / Margarita SÁNCHEZ YÁÑEZ / Damián SUÁREZ VÁZQUEZ (2012): *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié, Biblioteca Filolóxica Galega, Instituto da Lingua Galega, 170 pp.

O Romance da urca de Santo Antón (1777), subtítulo acertadamente como *Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*, constitúe un ensaio histórico-filolóxico composto por unha edición crítica e mais un estudo histórico e lingüístico dun romance bilingüe galego-castelán de 668 versos compilado no códice 1052B do Archivo Histórico Nacional de Madrid¹. Os seus autores, Ramón Mariño Paz (catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela), Margarita Sánchez Yáñez (licenciada en Historia pola Universidade de Salamanca e docente en Ferrol) e Damián Suárez Vázquez (licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela e profesor de lingua galega), realizan, por tanto, nesta valiosa monografía unha abordaxe

¹ Véxase un aproximación ao (con)texto do romance da urca de Santo Antón na reportaxe realizada a un dos autores do ensaio no programa Eirado da TVG: <http://www.crtvg.es/crtvg/canles-tematicas/corte-a-corte/entrevista-ao-lingueista-ramon-marino-paz>.